

O QUE DE NÓS DIXERON

· *Otero entre o Miño e o Miñor*
Alberto Valverde Otero



Otero entre o Miño e o Miñor

ALBERTO VALVERDE OTERO

A XEITO DE INTRODUCCIÓN

Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-Trasalba 1976) é unha das figuras máis influentes na evolución da cultura galega do século XX. Estamos diante dun humanista que dedicou a súa vida ao país a través da súa palabra, ben na escrita ben na oralidade. Narrador, poeta, dramaturgo, ensinante, doutor... presentamos nestas páxinas un seu artigo que publicou en 1959 nas páxinas da segunda xeira de *Vida Gallega*. Aínda que non temos tempo para reflexionar sobre a relación entre Otero Pedrayo e unha revista gráfica que se caracterizou durante cando menos a súa primeira época (1909-1938) polo ataque a aspectos concretos da normalización da lingua galega (véxase en Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Galaxia: Vigo, páx. 414 e 456), non podemos esquecer que o texto foi redactado nunha época de posguerra e ditadura.

Isto último explica o uso do castelán no orixinal. A tradución realizouse sen moitas complicacións pois lingüisticamente achamos que o texto orixe ten unha infraestrutura sintáctica e ideolóxica en galego. Alén disto, procuramos manter o estilo que Otero Pedrayo traballa en obras contemporáneas a este artigo tal como *Por os vieiros da saudade* (1952) ou *O espello na serán* (1966), sempre considerando as normas ortográficas e morfolóxicas actuais.

O artigo propón unha viaxe polas terras que unen as desembocaduras do Miño e o Miñor. En comezando en Tui e na foz da Guarda, Otero vai ir deleitándonos coa súa cámara descritiva até o castelo de Monterreal, pasando por Santa María de Oia e o seu mosteiro, hoxe foco de debate na prensa. O seu estilo non diverxe do presentado polo autor na súa obra xornalística e ensaística, que se caracterizan por unha tendencia cara ao clasicismo e culturalismo sempre ategado por un lirismo propio do *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1933). O carácter pedagóxico do ourensán vese na perspectiva narrativa e lúdica que recrea na presentación de personaxes como Xan Londón (posible trasunto do novelista Jack London), así a través destes imos asistir á narración da historia das súas xentes.

Relacionado con este personaxe cómpre citar a pegada dunha época que sempre considerou Otero como configuradora da ideoloxía de Galicia: o roman-

tismo. Se cadra esta visión podémola confrontar coa de Vicente Risco na súa *Teoría do nacionalismo galego* de 1920, “O romantismo foi a primeira insurrección do espírito nórdico -atlántico e celta- contra do espírito mediterráneo. Foi co romantismo co que rexurdiu a cultura galega” (páx. 22) e desta maneira esta etapa conformaría segundo Otero a conciencia nacional ao igual que o románico, o barroco, Xelmírez ou o Camiño de Santiago.

Non temos moito espazo para poder reflexionar sobre as tendencias estilísticas e temáticas na obra do trasalbés e desta forma procuramos que o/a lector/a atope nestas páxinas unha estampa dunha terra e dunha época que nos nosos tempos postmodernos pode mesmo funcionar como terapia respiratoria reparadora.

ENTRE O MIÑO E O MIÑOR. RAMÓN OTERO PEDRAYO

A HORTA PECHADA

Todos os momentos e batidos do ciclo do ano tenden, na excepcional combinación da fermosura, tempo e lembranza da unidade da horta, á plenitude do outono e o seu belo fado. O destino da rosa. As expresións “tempo”, “lembranza” non son baldeiras nin repetidas. Estamos –ou imaxinamos estar- nunha horta tudense. Circula entre os seus ramos un tempo maduro, case tanxibel. Non o percibimos noutros lugares tamén fermosos e plenos. A lembranza é outra cousa. Coma unha sombra. A horta sería pousa de letrados cóengos, ornamento do patrimonio dunha fidalguía. Aludimos á súa unidade. Unha unidade de aspiración nas nogueiras, as laranxeiras, as camelias, os tileiros, as roseiras, os mirtos, as adelfas, os marmeleiros, as maceiras, as pereiras –de “Dona Xoana”, de “Don Guindo”¹, dos amantes do tempo das perrucas levemente influídos polo valse romántico-, os albaricoqueiros... A enumeración foi estudada como procedemento literario expresivo. Ten algo de capcioso, de cámara oriental perfumada –o oriente de Lord Byron²-, de certas argumentacións filosóficas. Na poesía homérica³ os nomes dos lugares sucédense no camiño e a ponte dos versos. Un catálogo de plantas causa unha lixeira embriaguez e doloroso torpor. Ese sería un dos encantos do marabilloso xardín botánico formado polos Guiscardos en Palermo⁴...

Na horta tudense ordénanse na aspiración de concederlle á tarde luminosa o outubro final, do novembro de colos e agarimos na herba para as froitas derradeiras, a suave textura da meixela dunha froita, do manto antergo e gratificante da sombra na nogueira... A luz préstase e tornéase e moldéase, a sombra admírase e move as perfebas... Na horta, o silencio froital pode recollerse nas mans e ser traballado nunha cunca para recoller a auga lenta, a primeira en saber como cada noite na nogueira, no tileiro, se instalan novas e grandes estrelas, pesadas aves e ouro, e en chorar a inevitábel morte e esfollarse implicadas no singular fado. Inda que, en derredor, flúe a tempo e coas súas fins. Apenas a horta pechada quere integrar un sistema alleo, fráxil, delicado. Coma unha composición

musical, metafísica ou tamén, unha composición de amor, non sofre ningunha das súas partes que outra sexa lesionada. A caída dunha mazá soa no seo das adelfas, na sombra dos tileiros, nota exacta e esperada de se desprender a froita como unha sílaba final do verso irreversible, rudo choque se a man torpe a arranca...

Na luz ponderada da horta tudense han ser lidos e glosados algúns poetas: as cartas de Sor María de Alcoforado⁵, lágrimas de ouro da vella cepa da horta; Safo⁶, cos seus prantos de orgullo sorprendido; os latinos medievais de Fulda⁷, Pomposa⁸ e aquel Bec normando⁹ que pica na polpa do froito da lenda dourada como os flamencos nas pomas dos capiteis. E, sen dúbida ningunha, pola música da primeira chuvia outonal, os “saudosistas”¹⁰ portugueses do Lima ou Limia¹¹... Álzase a cidade nun inútil ascender, pois xa viu todo, sobre a horta. Agrúpanse e locen os vellos abrochos murchos da esquecida roseira. Os dedos impacientes e coidadosos da luz da tarde queren desfacer o ramo e esfollar as rosas sobre o río. O ramo apértase cos lazos das campás vesperais, case lamento.

Fermosa Pomona¹², morgada, madurez conmovedora, loita, como na alma de Racine¹³, de ascetismo e compracencia; a mesma loita esencia e contraste da vida implicada nas espiñas e as rosas. Penétrase, coma nun claustro, na horta tudense, vacina de longas saudades. Por estas entendemos as denominadas por algúns filósofos “situacións límite”¹⁴, como a angustia, a morte, a caída no inconsciente (Por que non o imposible amor, señores filósofos?). Velaí unha dignidade e unha elegancia poucas veces logradas nas vellas culturas e saberes: brindar na fermosa tristura, próxima a esvaecerse, da horta, o antídoto e vacina das esenciais tristuras que ameazan coma néboa callada en muro e cúpula contra as ondas da alma...

A tristura de saberse nun soño no borde do acordar. No borde da horta de Tui o mundo parece irritado e hostil. Envexamos a cunca rota e o dourado dos liques da fonte... As grandes estrelas do inverno coma deusas detéñense nos ramos, e os ramos coma os mortais escolleitos sofren o divino peso do orgullo.

O DEVALO DA LÚA

Todo tende a expresalo escuramente. As barcas, os perfís da costa, o mesmo vento nos piñeirais, os bancos de area no río... É fórmula pouca veces obtida. Os bancos de area son os finos e sensíbeis aparellos rexistradores dos “tempos” da marea, da palpitación do río. Apenas se lle debe preguntar a eles polo acento da hora na paisaxe de Santa Tegra. Poden ser interpretados coma reloxos de area coa vantaxe de demostrar outras moitas afeccións pasaxeiras como o rubor da mañá, o signo do chover, o paso do vento, das follas, das aves... Os matemáticos antigos haberían de gozar no Santa Tegra emocións fisterraicas, do salto de Léucate¹⁵, de “última Thule”¹⁶. Facían uso da area, os seixos, os espellos de auga para os seus cálculos. Os seixos cálculos co que o Miño conta as súas leguas e os seus tributarios vasalos, avarento patriarca para morrer. Traemos aquel recordo de Arquitas o pitagórico¹⁷ nun carmen de Horacio cuxa lectura equivale a pasar polos labios a pel dun vello marmelo. Deberon ser ópticos e matemáticos os aborixes ideais.

O devalo da lúa. O repregarse en curva defensiva da terra fronte á escura invasión do mar. A praia, a áurea praia, máis fermosa a inicial. Algo –o mar, a noite, o misterio- erosiona o corazón do home, do continente, do astro, do froito. O froito picado polo paxaro, polo verme, enmagrécese á defensiva en tona de ouro. Como o corazón do vello, leve e precioso segmento de tona do froito da vida. No home comesto pola tebra do infindo queda un momento o lene arco postremeiro do carácter, o lene arco canso, apuntando cara ao inmortal a derradeira seta.

Morre o río e é no perfil do devalo trasposto. Dende o monte, a lúa tardía, heroína devorada pola paixón, acorda mil fuxidías réplicas... Puideran ser recollidas nos piñeiros, nos brillos da auga, das rochas, na mesma degradación da voz conxunta do río –ai, aquela vociña da fonte nena no río afogada!-. Sería falta de compaixón. O monte longos séculos sacrificou o solpor. Coma un vello sacerdote cego estende, procurando vítimas apreciadas, os seus longos e trémulos brazos da sombra. Fóxenlle xogando, as rubias tenreiras que se mollan nos bancos de area e as embarcacións cargadas de acios de mozos. Os piñeiros afin-canse nas abas contra o curvo brazo canso, e o monte insomne e cego só pode ofrecer a súa sombra.

A PIPA DE “XAN LONDÓN”

Xan Londón era un coterráneo de Mougás, xurisdición de Santa María de Oia, que, ao derrogar as Cortes de Cádiz os señoríos¹⁸, levantouse contra os monxes bernardos¹⁹ e artilleiros dos lugares pagadores dos foros alegando ser tales dereitos de institución federal e, polo tanto, suprimidos pola nación libre e soberana. Tivo moito que ver con xuíces e xustizas en 1814 e despois coas “tornavoltas” absolutistas²⁰. Como amigo e axente dos ingleses, vogante nos seus barcos, chamábanlle “Xan Londón” e fumaba unha pipa de xesta irlandesa, que se ten pola mellor do mundo para o tabaco... Hai moitos anos estaba paseando por Baiona e A Guarda conversamos cun tipo seco e raro, de pipa, que parecía Xan Londón.

Acusaba os bernardos de non facer salvas coa súas famosa artillaría nos días de festa da Constitución e manifestarse apenas nas solemnidades da Orde. Expulsos os monxes, Xan Londón, xa vello, e a súa pipa non se apartaban do convento. Tratara con moitos mariñeiros galegos, tamén con galeses, bretóns e irlandeses e, sen dúbida ningunha, de neno con algún monxe dos visionarios ou, se callar mellor, Padres Mestres do lusco-fusco e da ciencia transcendente... Que buscaba o vello axitador na noite tormentosa? Procuraba os anterigos canóns, ou mesmo algún enfilado, vello solimán de bronce, cara ao mar. Conservaba nun recuncho a pólvora e a mecha secas e prenderíao, en chegando o momento, co mellor pabío de gran fumador. Contra quen? Besbellámolo en segredo. Contra o “Cazador holandés”²¹, con ou sen música de Wagner. Segundo antigas indicacións debía pasar na conxunción de certas estrelas. Xan Londón quería afundilo para liberar o capitán da súa condena e chufarse con esta grande importancia convidándoo a un caneco de xenebra nunha baiuca en Baiona ou n’A Guarda.

Falando d'A Guarda, impresionaba de pícaros o que dicía un vello señor do seu cais: En días de treboada só se atreven a entrar as embarcacións de Póvoa de Varzim²² de escuras velames!

O CASTELO DO VENTO DE FÓRA

As vellas baladas inglesas do vento de fóra deben ser cantadas no bosque de Monterreal e nas salas de liviás e ondeantes cortinas do vento, como tamén as estrofas de Tennyson²³:

Sweet and low, sweet and low,
wind of the western sea,
low, low, breathe and blow,
wind of the western sea!²⁴

Lugar de cita dos heroes shakespearianos marabillosamente incompletos, rematos en vento como certos seráns de outono e febreiro. Os heroes coma grandes carballos, cipreses dourados, case encarnados no correr do vento, co terror horríbel das grandes raiceiras ao aire. En troques, as mulleres de Shakespeare, para ben ou para mal, son rematadas coma alfaias, perfectas na súa contorna de flores ou de abrochos ou piñas de coníferas sometidas á regra do carazo e a encantadora insinuación do amor. O sol de Italia tórnase docemente mórbido, a súa luz en carroza de ouro nas verdes inglesas e as brumas en cuxo gris se depuran os ouros dos cabelos. As laranxeiras tórnanse co seu italianismo máis shakespeariano o castelo de Baiona... O castelo onde a lúa espera a Álvaro Cunqueiro para contarlle a súa verdadeira e artúrica historia coa constelación do seu nome propicia e xogando a osos de carambello as escumas conta a torre do Príncipe.

Como Monterrei, quizabes Montreal tivo aparente mala sorte ao ser enterrado en feixes de preitos, formación xeolóxica fatalista con apenas fósiles de escribáns. Din que Elduayen ofreceullo por un real a Alfonso XII. Fai falla pouca imaxinación para non aceptalo. Nin podería ser gravoso. Amóblao o vento e serven os fantasmas. Montreal de Baiona espera o desenmeigallo da princesa encantada da súa historia²⁵.

Contaba unha velliña hai moitos anos –gastaba toda a xornada na viaxe de volta en coche dende Vigo- como o seu pai lle falara do canoneo da fortaleza polas “tres pontes” inglesas antes da xornada do cabo San Vicente nos tempos de se regularen os reloxos mariños pola observación dos satélites de Xúpiter²⁶. Dicía como as vergas tocaban os muros e os disparos eran longos e lentos coma os tronidos de novembro que abren as fontes.

Por que en Silleiro remata dun golpe seco de batuta o andante²⁷ das rías? O morgado Miñor, luxoso de parras e alciprestes non desabrigados das rosas, baixa cara as praias, que o reciben con fartura de dunas, con breves praias, dispostas a contarlle os seus segredos.

A horta, o monte, a ría. Determinan un breve e complexo sistema dentro do degoxar de Galiza. A primavera pode, case á mesma hora, callalo en expresión concorde; un voo de pomba ou de miñado, domealo. Entre o tempo da rosa e a

memoria temporal do cabo nos infinitos ritmos das cousas, unha nota esencial: a conciencia dun adeus, e mais o desexo de se render ao occidente e ao seu lento convite.

Maio 1959

NOTAS

- 1 Otero fai referencia aquí a un seu conto titulado “Dona Xoana e Don Guindo”, publicado no libro *Contos do camiño e da rúa*, editorial Nós, 1932.
- 2 Lord Byron 1788-1824 redacta en *Childe Harold* as súas peripecias na viaxe ás terras orientais, pasando antes por Portugal e o estado español.
- 3 Referencia ás enumeracións que fai Homero en *Iliada e Odisea*.
- 4 Roberto I e o seu irmán conquistaron Palermo en 1072, arrebatándollo aos Bizantinos. Otero Pedrayo pode estar facendo referencia á domus con xardín que esta familia creou na localidade italiana.
- 5 Referencia ás cartas de Sor Mariana de Alcoforado (1640-1723), monxa portuguesa do convento de Beja á que se lle atribuíron as *Lettres portugaises*, publicadas en París en 1669 por Claude Barbin.
- 6 Safo de Lesbos (650-580 a. C.), poetisa grega.
- 7 A abadía de Fulda, Alemaña, foi fundada por San Bonifacio no 742. Este foi un lugar que exportou cultura a Europa durante a Idade Media.
- 8 A abadía de Pomposa (Italia) foi fundada no século VII e tamén irradiou cultura durante a etapa medieval.
- 9 A abadía de Bec, en Normandía, foi un dos centros intelectuais europeos do século XI e contou con nomes como Anselmo de Canterbury.
- 10 A poesía saudosista foi unha tendencia creativa e filosófica que se desenvolveu en Galicia e Portugal durante o primeiro cuarto do século XX, contando con voces como a de Teixeira de Pascoães ou António Sérgio en Portugal e Noriega Varela en Galicia.
- 11 Río que nace en Ourense e desauga en Viana do Castelo. Foi cantado en Marânus por Teixeira de Pascoães.
- 12 Refírese á deusa romana das froitas e vexetais.
- 13 Jean Racine (1639-1699) foi un dramaturgo francés. Otero pode estar facendo referencia á obra *Fedra* do autor francés.
- 14 Referencia a Martin Heidegger e a súa teoría sobre o suxeito e a “situación límite” entre a vida e a morte.
- 15 Probabelmente Otero estase a referir á obra *As flores do mal*, de C. Baudelaire, e en concreto aos versos: “E dende entón velo no cumio do Léucate / como vixía de ollo seguro e penetrante”, que á vez están relacionadas coa poetisa Safo de Lesbos, pois foi o Léucate o lugar da súa morte.
- 16 Designa o lugar máis ao norte segundo os romanos, se cadra Escandinavia, ou ben o final do mundo coñecido.
- 17 Arquitas de Tarento foi un filósofo pitagórico que naceu o 440 a.C. e morreu nun naufraxio en Pulla. Esta morte foi narrada por Horacio nunha súa oda (*Horatii Flacci Carmen Saeculare*, libro I, oda XXVIII). Na descrición detéctase un intento por parte de Otero ao procurar emular o estilo horaciano.
- 18 Aquí fai mención ao decreto do 4 de maio de 1814, cando o rei Fernando VII derogou a Constitución de Cadiz de 1812 e todas as decisións das Cortes.
- 19 Esta orde relixiosa é a que administraba o mosteiro desta localidade.
- 20 Etapa de rexencia do rei Fernando VII.
- 21 Estase a referir á lenda do holandés errante que R. Wagner musicou co *Der Fliegende Holländer* en 1843.
- 22 Localidade mariñeira do norte de Portugal.
- 23 Alfred Tennyson ou Lord Tennyson (1809-1892) foi un poeta romántico inglés moi laureado no seu tempo.
- 24 Trátase dos primeiros versos do poema de Lord Tennyson “Sweet and low”, tirado do poema narrativo *The Princess* (1847).
- 25 A lenda da princesa encantada pódese consultar na *Guía da Galiza máxica* de Vitor Vaqueiro.
- 26 Posibel mención ao asedio militar que Francis Drake desenvolveu na baía de Baiona en 1585. Esta escena tamén a traballou Otero Pedrayo na súa novela *Os camiños da vida* (1928).
- 27 Refírese ao movemento musical moderadamente rápido e menos lento có adagio.

O MEU VAL MIÑOR

- *Relatos*
Veigacasás

- *Máis Xabarán*
V́ctor Iglesias Viqueira

- *Setestralos. Fogos no ceo da
aldea*
Santiago Márquez Pérez

